

*Review*

**LÓPEZ, Teresa;  
MALINGRET,  
Laurence e  
TORRES FEIJÓ,  
Elias J. (eds.)**

*Estudos literarios  
e campo cultural  
galego. En honra  
do profesor Antón  
Figueroa*

**Pablo García Martínez**  
The Graduate Center,  
CUNY

Aceptando o convite dos editores desta revista de referencia nas conversacións contemporáneas sobre cultura galega, analizarei nas seguintes liñas o volume colectivo *Estudos literarios e campo cultural galego. En honra do profesor Antón Figueroa*, publicado en 2017 como a quinta entrega dos Cadernos do Centro de Investigacións de Procesos e Prácticas Culturais Emerxentes (CIPPCE), dirixidos por Arturo Casas. Este volume inclúe un total de dezaioito ensaios que foran presentados durante o simposio en homenaxe a Antón Figueroa celebrado na Universidade de Santiago de Compostela en setembro de 2015, e está editado por Teresa López, Laurence Malingret e Elias J. Torres Feijó, docentes nas facultades de filoloxía da Universidade da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela. Inclúe traballos de investigadoras e investigadores chegados maioritariamente das universidades galegas, mais tamén doutros centros como a Euskal Herriko Unibertsitatea (EHU), a Universidade de Lisboa, a Université Rennes 2 e a Universidade de Tel Aviv. O resultado é un variado e rico grupo de textos escritos na maioría en galego —con só un texto en inglés e dous en castelán—, que aparecen ordenados ortograficamente, renunciando a un

Santiago de Compostela:  
Universidade de Santiago  
de Compostela. Cadernos  
CIPPCE. 2017. 313 pp.  
ISBN 9788416954483

LÓPEZ, Teresa;  
MALINGRET, Laurence  
e TORRES FEIJÓ,  
Elias J. (eds.)  
*Estudios literarios e campo  
cultural galego. En honra do  
profesor Antón Figueroa*  
Pablo García Martínez

artellamento temático que si ensaian as editoras e o editor na introdución, e que tamén se aplicará a esta lectura dun volume presentado como ‘un acto de recoñecemento a Antón Figueroa’ (8) e, ao mesmo tempo, ‘un termómetro do estado da actividade investigadora’ (8) presente e futura dentro das principais liñas abertas polo traballo do filólogo chantadés. Serán estas as coordenadas nas que se pensará aquí o libro.

Un comezo acaído ofréceno os textos que constitúen un esforzo por definir uns marcos teóricos nos que se encaixarían as reflexións sobre cultura e literatura. Aquí a primeira achega vén do capítulo que inaugura o volume, da autoría de Itamar Even-Zohar, quen considera que a caída do hábito na lectura de textos literarios e a mudanza do rol desta práctica na configuración das sociedades modernas non implica a fin da produción literaria nin dos estudos literarios. Estes evolucionarían agora cara a uns novos estudos da cultura que, ‘unindo as humanidades, as ciencias sociais e a bioloxía, fará posíbel, en lugar de ubicar a literatura nun canto esquecido, investigala xunto con outros procesos e no contexto deles’ (29). O outro texto deste bloque de teoría cultural sería o asinado conxuntamente por Isaac Lourido e Cristina Martínez Tejero, que constitúe unha chamada de atención sobre a necesidade de reflexividade na configuración dun aparato para a crítica cultural ao tempo que fai un ensaio exploratorio de elaboración dun repertorio rendíbel para o estudo da relación da literatura e as artes cos fenómenos sociais e culturais de Galiza.

Dende aquí, propoño avanzar cara a un grupo amplo de estudos da literatura e da cultura que poden relacionarse mediante unha serialidade histórica relativa a momentos e movementos da historia cultural galega —ou homólogos aos existentes nesta— e entre os que predomina un interese en pensar a produción cultural en relación coa súa época. Podemos comezar co brillante estudo de Rakefet Sela-Sheffy sobre a cultura alemá de finais do século XVIII, onde conta como os escritores do grupo *Sturm und Drang* usaron a influencia inglesa no seu confrontamento coa ‘cultura afrancesada que prevalecía na esfera pública da propia Alemaña’ (296), para así converterse nos representantes dunha nova literatura que reverteu as hexemonías no incipiente campo literario alemán. Este estudo conectaría co valioso traballo de Anxo Angueira, que usa textos do Rexurdimento como *Cantares gallegos*, *Los precursores*, ou *O divino sainete* para reconstruír unha rica imaxe da segunda metade do século XIX cando había, segundo Angueira, ‘un campo literario galego (en galego e en castelán) e unha fera loita polo seu capital simbólico’ (56). O traballo de Xurxo Martínez González constitúe outra achega á análise desta época, e complementa o anterior cun estudo máis específico adicado ao proceso de inclusión do criterio filolóxico por parte de Murguía na súa concepción da literatura galega. A ese mesmo período histórico pertence o traballo de Patricia Carballal Miñán, que presenta a súa contribución como o estudo dun drama inédito de Pardo Bazán sobre Pardo de Cela, se ben no texto acaban por predominar as referencias secundarias sobre o prometido orixinal.

Poderíamos ensaiar dende aquí un chimpco cara a adiante, usando o traballo de Jon Kortazar para adentrarnos no rexeitamento da violencia franquista, tema dos poemas de Gabriel Aresti estudados por Kortazar. A continuación poderíase avanzar cara ao interesante e ben artellado estudo de Florentino Pérez García á volta dunha realidade tan presente na cultura galega contemporánea como é o exilio forzado pola Guerra Civil e a posterior represión franquista. Pérez García escribe a historia intelectual do único libro de narracións de Luís Seoane cunha lograda articulación teórica

LÓPEZ, Teresa;  
MALINGRET, Laurence  
e TORRES FELJÓ,  
Elias J. (eds.)  
*Estudos literarios e campo  
cultural galego. En honra do  
profesor Antón Figueroa*  
Pablo García Martínez

na que invoca outra tradición socio-histórica como é a versión máis literaria dos Cultural Studies practicada por Raymond Williams. Nas últimas décadas do franquismo habería que encadrar tamén as achegas de Alba Cid e Mario Regueira. O traballo de Cid parte da consideración do campo literario galego como espazo hermético para, dende aquí, explicar unha suposta incapacidade da literatura galega á hora de aceptar as propostas do escritor Eduardo Moreiras. Regueira, pola súa parte, achégase aos primeiros libros de narrativa de Xosé Luis Méndez Ferrín, sobre os que reflexiona ao fío da historia dese momento de clara concorrencia dos campos político e literario galego e da cal a figura de Méndez Ferrín resulta paradoxal. Nunha franxa temporal máis contemporánea atoparíamos a historización que Sabela López Pato fai da disciplina da museoloxía galega, nun texto ben informado e que contén un notábel esforzo por usar o coñecemento adquirido na investigación para pensar as posibilidades de maior incidencia social que ten aínda latentes esta disciplina. Por último, habería que mencionar tamén o traballo de Irene Pichel Iglesias sobre a representación do Camiño de Santiago en versións recentes de literatura para públicos masivos.

A continuación, proponho saír do eixo cronolóxico para analizar dúas unidades temáticas que xeran os textos incluídos neste libro e que apelan o traballo de Antón Figueroa. En primeiro lugar trataríase da cuestión da diglosia, que está presente xa na interesante reflexión de Gérard Lelièvre Houiseau sobre o significado das eleccións lingüísticas na lingua literaria dentro dun contexto diglósico como o bretón, un traballo que podería perfectamente servir como marco dende o que avanzar cara ao repaso da historia do teatro bretón que fai Erwan Hupel na súa achega ao volume, centrada en pensar esta fórmula literaria en relación cos seus contextos sociolingüísticos. No interesante estudo sobre lingua e literatura no Senegal asinado por María Obdulia Luis Gamallo, a autora mapea un contexto diferente para a reflexión sobre a diglosia, marcado pola fracasada alfabetización da sociedade senegalesa na lingua francesa (169) e o difícil encaixe da literatura senegalesa poscolonial nunha categoría, a de nacional, que eles recibiran de man dos seus colonizadores (170). Este bloque de reflexións sobre a diglosia poderíase pechar co traballo de Rexina Rodríguez Vega, onde a análise da relación entre autotradución e diglosia dá pé a unha reflexión sobre o papel xogado polas linguas en conflito nos procesos de artellamento dunha cultura nacional subalterna.

A temática do texto de Rodríguez Vega ofrece unha ponte cara ao último dos bloques temáticos propostos nesta recensión, que sería o da reflexión sobre tradución e transferencia cultural. Aquí entraría o traballo asinado conxuntamente por Ana Luna e Iolanda Galanes, onde analizan a tradución en Galiza nas últimas décadas para desembocar nunha sofisticada diagnose do estado da mesma (200-1). Este traballo complementase á perfección co de María Alonso Alonso, onde o libro de narracións titulado 55, de Xavier Queipo, serve como escenario para desenvolver a liña teórica da 'transmigración' aplicada ao estudo do conflito cultural en condicións de diáspora. Este texto de notábel solidez teórica é a porta de entrada perfecta cara ao seguinte apartado desta recensión, adicado á reflexión sobre os diálogos que os textos mencionados establecen co traballo de Figueroa.

Para este propósito cómpre antes cavilar nos elementos definatorios da traxectoria investigadora de Figueroa, como é dende logo o constante interese na reflexión sobre os mecanismos e as consecuencias da produción cultural nun contexto de conflito lingüístico e cultural, con especial atención á reflexión sobre o rol que neste proceso ten a relación co outro, na

LÓPEZ, Teresa;  
MALINGRET, Laurence  
e TORRES FEIJÓ,  
Elias J. (eds.)  
*Estudos literarios e campo  
cultural galego. En honra do  
profesor Antón Figueroa*  
Pablo García Martínez

dobre dirección do estrañamento que esa outredade produce. Hai porén unha evolución dende *Diglosia e texto* (Xerais 1988), que plasma un momento de diálogo coa semiótica e, sobre todo, o inicio dun diálogo coa estética da recepción que se mantivo no seu seguinte traballo, *Lecturas alleas* (Sotelo Blanco 1996), onde aparecen xa Itamar Even-Zohar ou Rakefet Sheffy, e a posibilidade dun estudo da cultura galega dende os enfoques sistémicos. Nos anos seguintes entrará en contacto coa socioloxía do campo de Pierre Bourdieu, que refractaría a unha teoría da cultura galega en *Nación, literatura e identidade* (Xerais 2001). Máis maduro será o diálogo co traballo de Bourdieu en *Ideoloxía e autonomía no campo literario galego* (Laivento 2010), onde tende unha ponte cara a unha preocupación constante no sociólogo francés como son os mecanismos de creación de evidencia, dando lugar a un libro que, mantendo a finura teórica característica de todo o seu traballo, aproxímase máis ao enfoque sociohistórico dende o que escribe o seu admirado Bourdieu. Este traballo inaugura a presente fase da súa traxectoria, na que se pode apreciar unha maior presenza do traballo de arquivo emblemático en *Margot Spomer: do galego antigo ás fronteiras da resistencia* (Laivento 2017), premiado como mellor libro de ensaio na Gala do Libro Galego de 2018.

Recupero aquí estas constantes temáticas e epistemolóxicas —que dende logo ofrecen unha imaxe parcial do rico aparato conceptual elaborado nas últimas tres décadas por Figueroa— para pensar dende elas a interacción cos textos incluídos no volume. Por unha banda, atopamos textos escritos en diálogo coa investigación de Antón Figueroa, unha conversa que é enriquecida pola convocatoria doutras voces como son Bourdieu e González-Millán no traballo de Luna e Galanes; as diferentes tendencias da teoría francesa das últimas décadas que Lelièvre Houiseau pon en relación con *Diglosia e texto*; ou o recurso de Alonso Alonso e Pérez García aos Cultural Studies, espazo heurístico orixinario da academia británica e que mantivo certas homoloxías co traballo de Bourdieu dende a francesa. As pontes coas preocupacións e solucións metodolóxicas reflectidas na investigación do filólogo chantadés son máis sutís no estudo de Sela-Sheffy sobre as loitas pola hexemonía cultural e a imposición do dicíbel e, de xeito particular, a súa aproximación ao ‘poeta excéntrico’ (305) dos *Sturm und Drang* invoca as estratexias de vangarda ás que Figueroa lle prestou sostida atención na última década. Esa complicidade é aínda máis evidente no traballo de Lourido e Martínez Tejero, que recorren á invitación bourdieana á ‘obxectivación participante’ para poñer de relevo unha constante na praxe investigadora de Figueroa: a actitude auto-reflexiva como fío conductor do esforzo teórico.

Este maduro diálogo coas liñas de reflexión abertas polo traballo de Figueroa contrasta, no entanto, con outras partes do libro onde ferramentas analíticas tiradas da socioloxía da cultura son apropiadas para ser usadas en exercicios de teoría literaria nos que a desatención ao respecto da xénese destas categorías dá como resultado aplicacións forzadas, imprecisas ou mesmo contraditorias con respecto ao seu sentido orixinal. Son exemplo disto o pouco espazo que Kortazar deixa para a natureza relativa da autonomía nas súas reflexións sobre as transferencias entre campo político e literario (114) —en contraste, por exemplo, co sofisticado uso da autonomía en Luna e Galanes (196-197)—; ou a referencia de Angueira ao ‘decisivo e declarado asalto ó capital simbólico que se estaba xestando arredor do incipiente campo’ (50). Retomando a cuestión do papel do arquivo nos estudos literarios, hai casos nos que a orixe das ferramentas analíticas entra en

LÓPEZ, Teresa;  
MALINGRET, Laurence  
e TORRES FEIJÓ,  
Elias J. (eds.)  
*Estudos literarios e campo  
cultural galego. En honra do  
profesor Antón Figueroa*  
Pablo García Martínez

contraste coa menor relevancia dunha investigación sociohistórica que fundamentalmente os xuízos. Un exemplo témolo na correspondencia entre Méndez Ferrín e Ramón Piñeiro dos anos cincuenta e sesenta, dispoñíbel para consulta pública na Fundación Penzol de Vigo e, seguramente, unha útil ferramenta para ampliar a ben fundamentada investigación que ensaia Regueira no presente volume. Outro exemplo é a achega de Cid, quen usa como punto de partida hipóteses que semellan baseadas en valoracións derivadas de afinidades estéticas, mais son viradas nunha sorte de fontes autoevidentes para o coñecemento histórico: ‘a pouca pegada das súas primeiras edicións *permitiría valorar* se nos inicios dos 50 outro tipo de poesía, paisaxista ou social, constituía a norma. *Se así fose, explícase doadamente* a pouca permissividade ou capacidade de incidencia no canon de escollas xa fronteirizas, particulares e non dirixidas a un público de masas como estas’ (88-89, destacado meu).

Retomando o propósito inicial de concibir este volume como unha ferramenta para calibrar o estado de certas tendencias na investigación en humanidades en Galiza debemos, penso, celebrar esta contribución á consolidación de espazos para o intercambio de coñecemento onde a reflexividade teórica e a pericia na crítica textual son permeábeis aos fenómenos sociais nos que toman forma as producións culturais ás que lles prestamos atención. O volume dá conta de como esta orientación epistemolóxica está cada vez máis presente nas novas achegas para o estudo da cultura galega. Está aberta unha posibilidade, pero para aproveitala temos diante de nós o reto de que as diferentes modalidades da teoría cultural sirvan realmente ao propósito de interromper as rutinas que ameacen con facer cómodo o noso pensamento sobre textos e contextos axudándonos, daquela, a visualizar liñas de fuga pendentes de exploración e que, se cadra, conducen a arquivos que envilecen á espera de nós. *Estudos literarios e campo cultural galego* é un volume rico, plural, ben editado en liñas xerais, e constitúe unha valiosa homenaxe ao traballo de Antón Figueroa que deixa claro que a socioloxía da cultura e a historia intelectual chegaron a Galiza para ficar como unha ferramenta cun prometedor porvir na explicación da nosa sociedade e a nosa cultura.